



Recoñecemento e protección

Un monumento único que agarda a súa declaración como BIC

► Patrimonio dos Ancares pediu esta declaración para a Ponte de Cruzul no ano 2015 á Dirección General de Bellas Artes

LUGO. A Ponte de Cruzul agarda dende hai xa máis dunha década a súa declaración como Ben de Interese Cultural (BIC). O Concello de Becerreá solicitou este recoñecemento á Xunta no ano 2009, pero non obtivo resposta. No mes de outubro de 2015 foi o colectivo Patrimonio dos Ancares o que volveu dirixir esta solicitude, e naquel momento o Goberno autonómico xustificou que o trámite correspondería ao Ministerio de Fomento por ser esta ponte trazado da N-VI.

Transcorridos catro anos sen

resposta do Estado, no mes de outubro de 2019 dende Patrimonio dos Ancares fixeron unha nova solicitude, pero dirixida á Dirección General de Bellas Artes do Ministerio de Cultura. Nun informe de 23 páxinas, ademais da descrición, da arquitectura, historia, lendas, tradicións e estado de conservación, o colectivo xustificou unha petición que defende o valor e singularidade desta infraestrutura.

A comezos deste ano, ante a demora na contestación, o colectivo púxose en contacto co deputado do BNG, Néstor Rego, que no mes de febreiro instou á Comisión de Cultura a urxir ao Ministerio que iniciase os trámites, algo que, ao parecer, e segundo indican dende Patrimonio dos Ancares, xa se fixo. Neste momento está pendente dalgún informe para ser declarado, ou non, BIC.

O Concello de Becerreá tamén afirmou que retomaríase o contacto co Ministerio de Fomento a finais do verán.

CARACTERÍSTICAS. A ponte de Cruzul, de estilo neoclásico, ten unha lonxitude de 93 metros, unha altura de 29, e un ancho de calzada de oito metros. Os seus tres arcos despréganse con doelas de pedra calcaria, material que tamén se empregou no resto da ponte.

As obras iniciáronse entre os anos 1776 e 1778, e o colectivo ancarés indica que a meirande parte dos investigadores concordan en que a finais do XVIII xa estaría en funcionamento, no reinado de Carlos IV. É a ponte mellor documentada da comarca, sendo a única das consideradas históricas da que se conservan os planos orixinais do ano 1765, no Arquivo de Simancas.



Os protagonistas do libro, durante a presentación. EP

A Fonsagrada acolleu a presentación do libro de Manuel do Juano

► O acto contou coa presenza do gaiteiro e dos outros dous músicos aos que se lles dedica a obra

A Fonsagrada

RAÚL VILLAMARÍN/R.L.
✉ comarcas@elprogreso.es

LUGO. A Fonsagrada rendeu onte homenaxe aos seus músicos coa presentación do libro do mítico gaiteiro Manuel do Juano, saído ao prelo da man da editorial Canela. No acto estiveron tamén presentes os outros dous protagonistas da obra, Dositeo do Fito e Antón de Paradiñas, así como algúns dos autores. Tamén acudiron o alcalde, Carlos López, e a vicedepresidenta da Deputación, Maite Ferreiro, que colaboraron con esta publicación.

A obra, que conta cun CD con 26 temas interpretados por estes membros do grupo Amigos da Gaita, afonda na figura de Manuel Fernández. A vicepresidenta quixo trasladar aos autores os seus parabéns «por compartir este material único que abrangue música, tradición oral, historia do pobo e identidade cultural». Tamén destacou a relevancia de «construír a memoria colectiva arredor da tradición musical, xa que cada vez son máis os colectivos que teñen de referentes a músicos como Manuel do Juano».

A presentación, na que os tres protagonistas tocaron os seus respectivos instrumentos, tivo lugar no marco da xornada organizada pola Asociación Cultural Petapouco e a Destempo. Pola máñá realizouse unha homenaxe ás bailadoras do concello con Mercedes Peón, e ás 20.00 horas proxectouse o documental 'Dorothe na vila'.

Un incendio arrasa con 24 hectáreas de monte raso en Negueira de Muñiz

Localidad

RAÚL VILLAMARÍN/R.L.
✉ comarcas@elprogreso.es

LUGO. Un incendio declarado na madrugada do sábado arrasou unha superficie total de 24 hectáreas de monte raso na parroquia de San Pedro de Ernes, en Negueira de Muñiz.

O lume non obrigou a evacuar aos veciños da aldea de Vilar, a máis achegada ao lume, e as autoridades puideron dar por estabilizado arredor das 16.00 horas. A Consellería de Medio Rural mobilizou medios aéreos e terretres para a súa extinción. O dispositivo constou de seis motobombas, dúas pas, un tractor, catro helicópteros e catro avións. Tamén foi

necesario mobilizar 19 brigadas e cinco axentes para controlar as chamazas.

Segundo indica o alcalde, José Manuel Braña, é probable que se trate dun incendio intencionado, «pois aínda que non o podemos dar por seguro, que comezara en plena madrugada fainos sospeitar», afirma o rexedor.

OUTROS INCENDIOS. O concello ourensán de Padrenda tamén rexistrou dous lumes, xa controlados e que, segundo apuntou onte Medio Rural, parecen intencionados. O primeiro deles afectou a unha superficie de 19 hectáreas e o segundo estímase que puido afectar a preto de 8.